



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA REGULAR O RÉXIME DE COORDINACIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E FEIRAIS E AS ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DA PISTA DE ATLETISMO DO RECINTO FEIRAL E DEPORTIVO DE EXPOURENSE EN OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,

DECLARA:

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 25 de maio de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Establecer o réxime de coordinación do uso da pista de atletismo cuberta entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para a programación por cada unha das partes das súas respectivas actividades na pista, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo a compatibilidade deste uso deportivo co feiral da instalación.
- Regular a xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os gastos de funcionamento das mesmas, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.



O Decreto 76/20137 do 28 de xullo de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

II.No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte – en adiante a Secretaría Xeral para o Deporte- e Expourense asinaron o 11 de abril de 2016 un Convenio de Cooperación para levar a cabo as obras de instalación dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense en Ourense. Segundo establecía a cláusula primeira do citado convenio, era obxecto do citado acordo establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e Expourense *“(...) para a posta a disposición por parte da citada Fundación a favor da Administración autonómica da súa instalación feiral, ao fin de que a Secretaría Xeral para o Deporte leve a cabo na mesma a construción dunha pista de atletismo cuberta, cun sistema hidráulico que permita a total compatibilidade do seu uso deportivo co uso feiral ao que actualmente se destina o espazo (...).”*

En virtude do referido acordo, a Secretaría Xeral para o Deporte proxectou e executou a obra de instalación dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense en Ourense.

III.Seguindo co acordado entre as Partes o pasado 11 de abril, faise agora necesario proceder á subscrición dun novo convenio entre as Partes que veña a regular o réxime de coordinación para a programación por cada unha delas das súas respectivas actividades na pista, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo, sempre e en todo caso, a compatibilidade deste uso co feiral da instalación.

Por outra banda a pista de atletismo cuberta debe ser xestionada de tal xeito que garanta a optimización das instalacións tanto no rendemento deportivo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos como na conservación e mantemento do ben común que constitúe a pista de atletismo.

A Fundación Expourense ven xestionando de forma exitosa o recinto feiral e para elo conta cos medios e o persoal necesarios para levar a cabo a organización e execución dos eventos feirais. Posto que é necesaria unha infraestrutura similar para desenvolver os eventos deportivos a Fundación e a Secretaria Xeral para o Deporte consideraron que a mellor maneira de aunar esforzos é que sexa a propia Fundación a que xestione a organización global dos eventos tanto feirais como deportivos no recinto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 07 de xuño de 2018.

